

A Draco gustoulle a idea, porque ver a ra transmitíalle serenidade, e sabía que iso era o que necesitaba. Así que pechou os ollos para concentrarse mellor, e probou a respirar lentamente. Ao principio custoulle un pouco, porque se distraía con todos os sons do lago: oía as moscas, a auga movéndose, a ferverza que estaba ao lonxe e ata aos peixes desprazarse... pero pouco a pouco foi capaz de pensar soamente na súa gran barriga de dragón, inchándose e desinchándose... e esqueceuse de todo o demais. Gustáballe estar así, sentindo a brisa e a calor do sol, e concentrándose soamente na súa respiración.

Andreia agardou a que fose Draco quen falase. Botou un bo anaco respirando tranquilamente, pero cando abriu os ollos sorría e transmitía a mesma serenidade que antes a ra.

- Andreia, isto foi estupendo! Nunca antes me sentira así!
- Alégrome Draco! Este truco que che ensinou a ra pode serche moi útil para non reaccionar impulsivamente. Tes que practicalo un pouco todos os días, para que cando estas nunha discusión saibas que debes parar e evitar así facer algo do que logo te podas arrepentir.
- Si, probarei a facelo un anaquiño todos os días... non me vai custar poñelo en práctica, porque aínda que ao principio foi un pouco difícil, despois sentínme xenial... Moitas grazas polos teu consellos, ra!
- Non hai de que! -contestou a ra- Podedes volver cando queirades e ensinovos tamén a cazar moscas! De verdade que son deliciosas!
- Quizais outro día! Grazas amiga, que teñas bo día!  
-despediuse Andreia.

